

Letras
Galegas
2012

VALENTÍN PAZ ANDRADE

XUNTA DE GALICIA



**VALENTÍN
PAZ
ANDRADE**

Letras Galegas 2012

XUNTA DE GALICIA

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
IES Xoán Montes**

Coordinador:
Senén Olano Alvarez

Autoría:
Gerardo Baamonde Mulet
Consuelo Burgo Fernández
María Fe Díaz Lozano
América García Fernández
Xosé Manuel González Pérez
Senén Olano Alvarez
Santos María Prado Castro
Angeles Vidal Suárez

Dep. Legal:
C 702-2012



Valentín Paz-Andrade naceu o 23 de abril do 1898 na parroquia de Lérez (Pontevedra) nunha familia ben coñecida da cidade. Tivo tres irmás. Sendo mozo, da man do seu tío materno, o poeta Juan Bautista Andrade, iniciouse no xornalismo, comezou a se interesar pola literatura e coñeceu a Castelao. A partir do 1917 estuda leis en Santiago. Aquí segue manifestando as súas inxerencias xornalísticas, culturais e ten unha participación destacada no movemento galeguista. Rematou a carreira no 1921. Nese ano marcha para a guerra de África, unha experiencia curta, pero que deixou certa pegada na súa única e inédita novela, *Soldado da morte*. A partir do 1922 dirixiu o xornal *Galicia*, un fito na historia da prensa galega polo seu carácter liberal, independente e galeguista. A partir do 1926 exerce como avogado; dous anos máis tarde, publícase o seu primeiro libro *Los puertos nacionales de pesca. Aportación de Vigo al estudio del problema*. Nos anos trinta ten unha importante colaboración no movemento galeguista, toma parte na elaboración do anteproxecto do Estatuto de Galicia e é candidato a deputado.

No 1932 sofre un atentado ao que sobrevive. En setembro de 1936 Valentín Paz-Andrade é desterrado a Verín e, nos primeiros días do 1937, destérrano de novo a Requeixo da Queixa, e logo a Castro Caldelas e A Pobra de Trives. Aquí coñeceu a Pilar Rodríguez Prada, coa que casou no 1939. Había un ano que residía en Vigo.

No durísimo desterro na Serra de Queixa, pasando fame e frío, o autor sentiu por primeira vez a necesidade de escribir versos. Durante a década dos corenta, dedícase á súa actividade profesional, mais non abandona o xornalismo. Nos cincuenta, na súa xira americana, adquirirá coñecementos sobre o sector pesqueiro que ían dar froitos transcendentais para a nosa terra, como a creación de Pescanova, SA. Ademais, establecerá lazos co galeguismo do exilio aos que xa nunca renunciaría. Políticos como Lorenzo Varela ou Castelao, pintores como Seoane e escritores como Blanco Amor, condenados ao ostracismo, atoparían en Paz-Andrade apoio e esperanza. No ano 1963 continuou a traballar no proxecto de creación do Banco Industrial de Galicia, un banco netamente galego orientado ao aforro e ao desenvolvemento do país, pero a autorización foille denegada de novo.

Todas estas actividades non lle impiden seguir escribindo en diferentes medios, investigando e interesándose por diversos eidos da cultura.

No 1968 sae do prelo o seu segundo poemario, *Sementeira do vento*, e xa no ano 1970 *La marginación en Galicia*, volume en que recolle varias ideas sobre a situación de abandono da que é vítima o noso país. Metidos xa no 1976, participa activamente na renacemento da democracia en España. No ano 1979 publica *Cen claves de sombra* un libro de poemas dun loitador, dun home con coraxe á hora de escribir e á hora de pelexar", segundo afirma Lorenzo Varela. Recibiu numerosos galardóns ao final da súa vida. Foi elixido membro da Real Academia da Lingua e das Ciencias, outorgáronlle O Pedrón de Ouro, a Medalla ao Mérito Social Marítimo e a Medalla de Castelao, entre outros recoñecementos.

Despois de loitar varios meses contra unha doenza cardiovascular, finou unha madrugada do 19 de maio de 1987. Foi enterrado no panteón familiar do cemiterio de Lérez, na súa Pontevedra natal, envolto na bandeira galega, segundo expreso desexo seu.



ACTIVIDADES

1 - Emparella as obras cos seus autores

O lapis do carpinteiro

Os libros arden mal

Os camiños da vida

A Esmorga

Aires da miña terra

Descrición circunstanciada de la costa de Galicia, y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal

Cen claves de sombra

Sementeira do vento

Queixumes dos pinos

Catecismo da doutrina labrega

Cantares gallegos

La marginación en Galicia

Los puertos nacionales de pesca en España. Aportación de Vigo al estudio del problema

Libro da Konsagración. Feixe de poesías galegas

Rosalía de Castro

Manuel Curros Enríquez

Valentín Paz-Andrade

Eduardo Pondal

Manuel Rivas

Eduardo Blanco Amor

Aurelio Ribalta Copete

Valentín Lamas Carvajal

Ramón Otero Pedrayo

Xosé Andrés Cornide e Saavedra

2 - Fai un ou máis acrósticos co título dun dos seus libros

3 - Ordena cronoloxicamente os seguintes datos da vida de Valentín Paz-Andrade

A) Nace en Lérez en 1898 B) Constitúe a Comisión dos Dez. C) Dirixe o xornal *Galicia*

D) Publica o poemario *Sementeira do vento* E) Crea Pescanova, SA.

F) Publica o libro de poemas *Cen claves de sombra* G) Participa na elaboración do anteproxecto Estatuto de Galicia

H) Publica *La marginación en Galicia* I) Juan Bautista Andrade iníciase no xornalismo

L) Publica *Los puertos nacionales de pesca en España. Aportación de Vigo al estudio del problema*

LL) Morre en 1987 envolto na bandeira galega M) Destérrano primeiramente en Verín. N) Casa con Pilar Rodríguez Prada

4 - Busca as obras de Paz-Andrade e rodea só as do noso autor

O lapis do carpinteiro *Sementeira do vento* *Libro da Konsagración* *Feixe de poesías galegas*

Los puertos nacionales de pesca en España. Aportación de Vigo al estudio del problema *Os libros arden mal*

Os camiños da vida *A Esmorga* *Aires da miña terra*

Descrición circunstanciada de la costa de Galicia, y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal

Cen claves de sombra *Queixumes dos pinos* *Cantares gallegos* *Catecismo da doutrina labrega*

La marginación en Galicia



ACTIVIDADES

5 - Procura nesta sopa de letras os lugares en que estivo desterrado Valentín

R	G	H	U	J	J	N	A	E	S	R	E	S	A	E	S	N	U	I	O
P	E	R	R	I	O	R	N	I	T	O	R	R	I	N	C	O	N	U	B
M	A	S	R	I	A	L	O	S	A	S	D	A	S	C	V	A	R	E	S
N	A	N	E	D	E	Z	V	I	T	O	R	E	D	A	B	A	F	R	E
C	H	V	E	R	I	N	N	L	O	B	U	R	G	S	O	F	E	R	R
G	A	L	I	M	R	C	H	I	I	Y	R	F	S	T	A	B	A	P	A
I	M	O	S	T	E	A	D	O	R	A	T	I	S	R	G	R	E	C	E
A	I	R	E	P	A	R	D	A	C	O	L	A	Q	O	E	E	S	E	F
D	C	A	N	D	O	P	E	A	N	S	O	Q	U	C	U	T	E	F	G
A	M	I	Ñ	A	M	E	N	I	Q	Ñ	A	T	E	A	N	S	O	L	G
X	O	L	I	Ñ	A	D	R	E	S	U	D	E	U	L	O	N	E	N	G
C	U	T	N	O	T	E	Q	U	E	R	E	R	O	D	P	A	N	X	E
O	N	I	Ñ	N	A	A	R	B	T	O	B	I	R	E	Q	A	R	T	U
P	R	A	I	A	A	B	E	R	T	A	S	E	X	L	G	U	R	B	O
C	E	O	L	I	N	S	E	V	I	R	T	E	D	A	R	B	O	P	M
O	K	N	B	H	U	E	D	S	A	G	N	O	L	S	A	R	U	A	A

solucións

AMPLÍA OS CONTIDOS

http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Dia/das/Letras/2012/dedicara/Paz/Andrade/elpepiatgal/20110605elpgal_2/Tes

http://www.lavozdegalecia.es/ocioycultura/2011/06/05/0003_201106G5P45992.htm

<http://marlou.blogaliza.org/?p=1296>

http://gl.wikipedia.org/wiki/Valent%C3%ADn_Paz-Andrade

<http://www.angelfire.com/ego/iesvpazandrade/valent.htm>



A Galicia que Valentín Paz-Andrade viviu estivo chea de luces e sombras. Dende o inicial atraso, Galicia ía avanzando cara a unha maior modernización e tomando conciencia de si. Paz-Andrade será protagonista destas mudanzas coa súa actividade política, xurídica, empresarial, de mecenado, literaria etc. Transcribindo as súas verbas, Galicia non é “algo que nos ten sido dado irremediabilmente feito e, en parte, contrafeito”, senón que se debería entender como “algo que temos que facer, ou refacer, tódolos días” (1).

A sociedade galega seguía a ser, a principios do século XX, sobre todo rural, cunha poboación dispersa, economicamente atrasada e cuns caciques con amplas redes clientelares que usaban para conseguir beneficios económicos e políticos.

A industrialización foi moi serodia e afectou especialmente á zona litoral: conserveiras e construción naval. Ante o feble desenvolvemento económico, milleiros de galegos emigraron cara a América.

O peso do caciquismo, o atraso económico, a escasa industrialización levaron a que as forzas opositoras á monarquía conservadora fosen minoritarias. Non obstante, orixinouse un tímido movemento obreiro naquelas zonas máis industrializadas (CNT e UXT). Maior forza tivo o agrarismo. Os agraristas dotaron de organización o campesiñado galego e despertaron a súa conciencia política.

A outra forza opositora, cuxas raíces están no século XIX, foi a defensa de Galicia e o galeguismo. Movementos como o rexionalismo callan na fundación de organizacións galeguistas como a Real Academia Galega en 1906. A partir de 1916, na Coruña nacen as Irmandades da Fala, de Antón Vilar Ponte e Vicente Risco, e desenvólvese o nacionalismo, a conciencia de ser unha nación diferenciada. Estas Irmandades reuníronse por primeira vez na I Asemblea Nacionalista Galega en Lugo, en novembro de 1918. Dende 1916 publícase tamén o xornal *A Nosa Terra*, voceiro do ideario das Irmandades. Destacan na defensa do galeguismo a revista *Nós* (1920) e o Seminario de Estudos Galegos (1923).

No conxunto do Estado, a inestabilidade política derivada das diversas crises económicas, ministeriais, militares etc. propiciaron que o capitán xeneral Primo de Rivera dese un golpe de estado en setembro de 1923. Comeza así a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930). O goberno ditatorial tivo, en xeral, unha grande acollida popular. Mesmo Vilar Ponte, Vicente Risco ou Lousada colaboraron inicialmente co réxime. No ano 1926, promúlgase o Decreto de redención de foros, que lle permite ao campesiñado converterse en propietario da terra. No ano 1929 xorde a ORGA, Organización Republicana Galega Autónoma (Casares Quiroga), partido republicano de esquerdas que representaba os intereses dun sector da burguesía urbana. O fracaso da Ditadura facilitou a fin da monarquía de Alfonso XIII e o 14 de abril de 1931 proclamouse a Segunda República. En xuño, teñen lugar eleccións a Cortes que elaborarán unha nova Constitución. Esta permitirá, por primeira vez, a organización do territorio español en autonomías.

En Galicia, as novas capas sociais xurdidas das transformacións agrarias, industriais e sociais das décadas precedentes incorpóranse á mobilización política. Neste mesmo ano, fúndase en Pontevedra o Partido Galeguista, que loitará por conseguir a autonomía de Galicia dentro da Constitución de 1931. Os seus promotores foron Castelao, Otero Pedrayo, Bóveda e Risco. No ano 1932, o texto do Estatuto é aprobado polos concellos, mais non foi plebiscitado e ratificado ata xuño de 1936, en vésperas da Guerra Civil. Non chegou a entrar en vigor.



As esperanzas postas na República esmoreceron e remataron cando, o 18 de xullo de 1936, se produce o golpe de estado do xeneral Franco. A Guerra Civil comezaba e, con ela, un longo período de represión, morte e destrución que acabaría, a partir de 1939, coa derrota da República e coa imposición dunha longa ditadura de 40 anos. Durante a guerra foron fusilados moitos galeguistas: Quintanilla, alcalde de Ferrol; Alexandre Bóveda, do Partido Galeguista; Martínez Garrido, alcalde de Vigo. Outros sufriron desterro ou tiveron que exiliarse, é o caso de Castelao.

A pesar da dura represión, a partir dos anos sesenta a oposición incrementábase co Partido Comunista (PC), a Unión do Pobo Galego (UPG), as loitas estudantis etc. O 1972 é o ano de maior relevo, coas folgas na Universidade de Santiago de Compostela e as de Ferrol e Vigo. O final do franquismo preparou a transición cara á democracia, que se faría efectiva en 1975, logo da morte de Franco.

“A transición política da Ditadura franquista á democracia parlamentaria actual (...) tivo dúas consecuencias: instaurouse en España un réxime político de carácter democrático, (...) e produciuse a organización territorial de España en comunidades autónomas” (2).

Despois das eleccións ás Cortes constituíntes de xuño de 1977, fórmase en Santiago de Compostela a Asemblea de Parlamentarios de Galicia que nomeou unha comisión de dezaseis persoas (Comisión dos Dezaseis), que representou un amplo abano político, para elaborar o anteproxecto de Estatuto. O referendo electoral do Estatuto realizouse en decembro de 1980 cun resultado claramente positivo dun 73% de votos a favor, pero cunha abstención de máis do 70%.



ACTIVIDADES

- 1 - Investiga quen foron os caciques e cal foi a súa importancia en Galicia. Busca na internet ou na biblioteca algunha representación dun cacique.
- 2 - Partindo do cartel, en que sector de actividade cres que traballaba maioritariamente a poboación galega a principios do século XX. Compáraa coa situación galega actual.
- 3 - Que é a emigración? Busca as causas da emigración galega a ultramar. Cara a onde se dirixiron e de onde procedían os emigrantes galegos. Podes consultar:
<http://www.pradaweb.es/emigrante.html>
http://www.galiciaespallada.com.ar/emigracion_galega_america.htm
- 4 - Que é o agrarismo? Quen eran os seus líderes? Por que cres que tivo importancia na Galicia do primeiro terzo do século XX?
- 5 - Que son as Irmandades da Fala? Cal é a súa orixe? Escribe unha breve descrición dos intelectuais e políticos que participaron na primeira xuntanza das Irmandades.
- 6 - No ano 1931 proclamouse a Segunda República española. Que caracteriza unha república como réxime político? Durante este período político recoñeceuse a autonomía para Galicia e aprobouse o primeiro Estatuto galego. Que é unha autonomía? E un estatuto? Que outras zonas de España tamén acadaron un estatuto? Que teñen en común esas zonas e Galicia? Razoa as túas respostas.
- 7.- No ano 1936 estala a Guerra Civil. Que é unha guerra civil? Rematada a guerra, no ano 1939 instaurase a Ditadura. Que é unha ditadura? Pregúntalles aos teus avós ou bisavós, se os tes, sobre como era a súa vida durante o primeiro franquismo: como vivían, que comían, en que se divertían.
- 8.- O día 10 de marzo de 1972 en Ferrol houbo uns graves sucesos. Cales foron? Por que se manifestaban os obreiros? Podes consultar:
<http://caladinhos.blogspot.com.es/2010/03/10-de-marzo-dia-da-clase-obreira-galega.html>
- 9.- Tras a morte do xeneral Franco instáurase a democracia. Galicia volve conseguir un estatuto. Na túa opinión, que é o máis salientable do Estatuto galego? Le esta páxina para te informar:
http://www.parlamentodegalicia.es/sites/parlamentogalicia/BibliotecaInstitucional/Estatuto_Autonomia.pdf



Valentín Paz-Andrade destacou activamente no campo político e xurídico.

A partir de 1917 estudou Dereito e foi en Santiago de Compostela onde entrou en contacto co mundo da política e o galeguismo militante. Personaxe clave neste punto sería Afonso Daniel Rodríguez Castelo. Da súa man participará na Segunda Asemblea Nacionalista. Nela demándase a construción do ferrocarril da costa e o da Coruña-Santiago, a creación dun banco para fomentar o comercio exterior e dunha Escola Agrícola de Galicia etc.

Nese mesmo ano, sería un dos organizadores do Grupo Autonomista Galego de Estudantes, afín ás Irmandades da Fala, do que foi nomeado presidente.

A partir de 1930, acentúase a súa participación en política. Albíscase a fin da monarquía e xeneralízase a idea de proclamar a República. En xaneiro de 1930, os nacionalistas vigueses fundan o Grupo Autonomista Galego. Valentín é nomeado presidente. Os mitins multiplicanse por toda Pontevedra para desenvolver a conciencia política do pobo. Nestes participaron tamén Castelao, Núñez Búa, Alexandre Bóveda ou López Nogueira.

O 14 de abril de 1931, finalmente, proclamouse a Segunda República. Para o 28 de xuño convocáronse eleccións a Cortes constituíntes. Paz-Andrade presentouse como candidato ás ditas Cortes nunha candidatura na que tamén ían Castelao e Ramón Cabanillas. Porén, só Castelao vai obter a acta de deputado. Os días 5 e 6 de decembro de 1931, constituíase en Pontevedra o Partido Galeguista (PG). Valentín é elixido conselleiro do partido.

No ano 1931 Paz-Andrade participou, xunto a Luís Tobío, Vicente Risco, Alexandre Bóveda, Carballo Calero, dentro do Seminario de Estudos Galegos, na redacción dun anteproxecto de Estatuto galego. Este non se chegou a converter en proxecto, pero serviu como modelo para os que se redactaron logo.

Nos anos posteriores céntrase, sobre todo, no seu papel de avogado. De feito, rexeita en 1934 a proposición de Castelao, "trasladado" a Badajoz durante o bienio de dereitas, para que o substitúa na Secretaría Política do Partido Galeguista.

En febreiro de 1936, preséntase como candidato por Pontevedra nas eleccións a Cortes, xunto a Portela Valladares, na candidatura republicana de centro. En xuño dese ano, ten lugar o plebiscito do Estatuto galego que saíu aprobado por maioría.

O 18 de xullo de 1936 estala a Guerra Civil tras o golpe de estado do xeneral Franco. Valentín axudarlles a fuxir por Portugal a varios amigos como Ramón Martínez López e tamén auxiliou como avogado a Xosé Núñez Búa, aínda que non puido evitar a condena a morte de Alexandre Bóveda. El mesmo foi desterrado.

A partir do ano 1975, Paz-Andrade retoma decididamente a súa faceta política, abandonada en favor "da toga e da pluma". En Vigo, en Ferrol, na Coruña organizáronse as xuntas democráticas e Valentín participa activamente na de Vigo e, máis tarde, na de Galicia. En novembro de 1975 morre o ditador.

Un ano despois, acordouse constituír unha Comisión Negociadora da Oposición co Goberno. Estaría composta por dez vogais (Comisión dos Dez) e tres representarían as comunidades históricas. Por Galicia sería elixido Valentín Paz-Andrade. Outros representantes destacados foron Felipe González, Jordi Pujol, Fernández Ordoñez ou Tierno Galván. Demandaban a amnistía, a legalización de TODOS os partidos políticos, unha nova lei electoral, a convocatoria de eleccións xerais e locais, a apertura de procesos autonómicos, a cooficialidade das linguas marxinadas etc.



En xuño de 1977, lévanse a cabo as primeiras eleccións libres dende a Segunda República. Paz-Andrade foi escollido senador por Pontevedra na Candidatura Democrática Galega Independente, composta por forzas de esquerda.

O 4 de decembro prodúcese manifestacións en Galicia pedindo o autogoberno. A de Vigo foi multitudinaria, calcúlase que participaron máis de 300.000 persoas. Un dos organizadores sería Valentín.

Ao final da súa vida, Paz-Andrade considera que o comezo da autonomía galega **“non foi máis que unha improvisación”** e coida que se tratou dunha ocasión perdida para o galeguismo. Neste sentido, no ano 1984 escribiulle a Osorio-Tafall:

“Este espectáculo de que Galicia está dominada por la ultraderecha endo-franquista, no es una consecuencia ajena a todo aquello. A que no llegara a constituirse un Partido Autonomista con arraigo popular copioso, que no podría ser arrollado en el momento de la transición, como no lo fue en el País Vasco ni en Cataluña”(3).

ACTIVIDADES

1 - As Irmandades da Fala demandan dous ferrocarrís. Por que cres que era importante a construción de infraestruturas? En que beneficiarían a Galicia? E a Escola Agrícola? Tiña isto que ver co atraso socioeconómico galego? Razoa as túas respostas.

2 - Durante a Segunda República (1931-1936), Paz-Andrade participa activamente en política. Nesta páxina web podes atopar información sobre a xestión do primeiro Estatuto galego. Fai un resumo deste longo e complicado proceso.

Podes ler: http://gl.wikipedia.org/wiki/Estatuto_de_Autonom%C3%ADa_de_Galicia_de_1936

3 - A morte do xeneral Franco, en 1975, deu lugar ao restablecemento da democracia. As nacionalidades vían de novo a posibilidade de acadar a autonomía que antes fora esmagada pola ditadura. En que data se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia? Investiga como foi o proceso de elaboración.

Para te informares, podes ir a: http://gl.wikipedia.org/wiki/Estatuto_dos_dezaseis

4 - **“Este espectáculo de que Galicia está dominada por la ultraderecha endo-franquista, no es una consecuencia ajena a todo aquello. A que no llegara a constituirse un Partido Autonomista con arraigo popular copioso, que no podría ser arrollado en el momento de la transición. Como no lo fue en el País Vasco ni en Cataluña”** (4). Le e responde: Por que cres que Valentín Paz-Andrade pensa isto ao final da súa vida? Investiga a que partidos votaron os galegos nas eleccións de 1977 e 1979.

5 - O actual Estatuto de Galicia foi aprobado por un 73% dos votos. Pero houbo unha abstención de máis do 70%:

Que entendes por abstención política?

Explica como é posible que se aprobe cun 73% dos votos e que, á súa vez, a abstención chegue ao 70%.

6 - Investiga sobre as competencias do actual Estatuto de autonomía galego e compáraas coas do Estatuto de 1936.



O máis notorio do Paz-Andrade escritor foron os seus ensaios, en que desprega temas tan dispares como a economía, a historia, a etnografía ou a lingua.

Nos ensaios económicos e históricos, destacan os títulos: *O sistema económico de la pesca en Galicia*, *El capital como factor de desarrollo de Galicia*, *La marginación de Galicia*. A súa temática xira arredor da evolución do sector pesqueiro, a subestimación da España atlántica, a poboación e a depresión agro-económica.

Galicia como tarea é a obra de referencia dentro do seu inmenso legado ensaístico. O autor fai un estudo, o primeiro deste tipo no Estado español, estruturado en tres partes que salientan os aspectos económicos, demográficos e culturais de Galicia. Para Méndez Ferrín, este ensaio foi “o grande manifesto político e económico do nacionalismo galego progresista.”

Dentro dos ensaios etnográficos e lingüísticos, cómpre resaltar a importancia adquirida polos temas brasileiros, tanto cando trata a pegada galega no país americano coma o seu interese polo escritor João Guimarães Rosa.

Botando man da historia, da lingua, da traxectoria do novelista, da etnografía, dos mitos e dos aforismos, Paz-Andrade, no seu ensaio *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*, chega á conclusión de que o iberismo presente nos escritos do autor brasileiro é galeguismo.

ACTIVIDADES

- 1 - Analiza a figura de Guimarães Rosa e repara no Departamento de Minas Gerais, onde naceu. Compara esas terras con Galicia, e analiza as súas semellanzas e diferenzas.
- 2 - Sobre a palabra “saudade” que aparece en tantas obras súas, estuda o seu significado e analiza a súa presenza en autores como Guimarães Rosa, Valle Inclán ou Paz-Andrade.
- 3 - Realiza un estudo sobre as liñaxes galegas que se trasladaron ao continente americano, segundo Paz-Andrade.
- 4 - Busca os costumes, os cantos, os ditos e as danzas máis coñecidos de orixe galega e investiga cales aparecen no libro de Guimarães Rosa.
- 5 - Localiza os principais saltos hidrográficos galegos e a súa influencia na economía e na paisaxe galegas.
- 6 - Investiga cales foron as causas do crecemento demográfico das cidades galegas a mediados do século XX.
- 7.- Cal era a realidade galega de mediados do século XX? Cal é hoxe en día? Cotexa o fenómeno da emigración en Galicia no mesmo período de tempo.



Paz-Andrade sempre estivo moi vinculado ao mundo da empresa e manifestou unha singular preocupación pola realidade socioeconómica de Galicia, en particular polo mundo da pesca e polo investimento industrial. Unha proba da súa sensibilidade pola vocación mariñeira da Galicia costeira foi o feito de ser promovido pola ONU, para a FAO, como primeiro experto español en misións internacionais de capacitación pesqueira en países de Hispanoamérica.

- Desenvolveu un labor de asesoramento sectorial na Arxentina, Cuba e Colombia,
- Dirixiu a Sección de Economía en cursos en Chile e México.
- Tamén estivo á fronte da dirección de *Industrias Pesqueras*, revista quincenal de economía e tecnoloxía do devandito sector.
- Escribiu numerosos libros sobre o tema pesqueiro e, de resultados da súa implicación no tema, asinou o primeiro tratado que se publicou no mundo, *Principios de Economía Pesquera*, editado pola FAO en Santiago de Chile no ano 1954.

En Galicia foi o promotor da hoxe "multinacional" Pescanova e doutras grandes empresas (Banco Industrial Galego, Petrogasa etc.) que, por motivos e intereses políticos alleos e espurios, non chegaron a callar.

ACTIVIDADES

- 1 - Que significa a sigla FAO? Investiga na internet como está organizada e de quen depende.
- 2 - No texto anterior, que se dá a entender por "implicación"?
- 3 - E por "espurios"?
- 4 - Ocupou algún posto en Pescanova? Se o sabes, di cal.
- 5 - Tivo algún outro cargo nalgunha outra empresa ou proxecto? Indica cal ou cales e onde.
- 6 - "Mergullade" e "navegade" na vida de Paz-Andrade, e dicide polo menos catro libros relacionados coa pesca.
- 7 - Busca en maps.google.es a situación actual da refinería de petróleo da Coruña. Investiga por que lle foi concedido posteriormente o permiso ao proxecto coruñés, en detrimento da cidade de Vigo. Era máis idónea unha localización ca outra?
- 8 - Cres que Galicia ten suficientes condicións naturais para dispoñer dun gran porto?
Onde o situarías?
Que tipo de barcos cres que poderían recalar alí?
Poderíase crear unha rede de industrias de base e manufacturas relacionada?
De que tipo serían?
- 9 - Buscade información sobre os irmáns Fernández López e a fundación de Pescanova. Que outras innovadoras empresas foron creadas por esta familia?



Ademais do seu labor como empresario, político, xurista e ensaísta, Valentín Paz-Andrade dedicou parte do seu tempo á creación poética. A crítica vincúlao coa Xeración de 1925 polo achegamento ás vangardas fronte ao conservadurismo da poesía da época. Mostra disto son as obras nas que pon de manifesto, coma noutras facetas da súa vida, o interese por Galicia, pola paisaxe, pola xente, e a súa preocupación polo progreso da nosa terra.

Pranto matricial. Definido como un canto elexíaco á esperanza, publicouse en 1955 no Centro Galego de Buenos Aires. A cuberta foi ilustrada por Luís Seoane e, no interior, contén catro debuxos de Colmeiro, Maside, Souto e Manuel Torres. En 1975, ao se cumprir os 25 anos da morte do escritor de Rianxo, reeditouse en cinco linguas: galego, castelán, portugués, catalán e éuscaro, con prólogo de Rafael Dieste. O autor evoca en seis poemas a morte de Castelao.

CANDO TI VOLVAS...
 NA MATRICIAL GALIZA, SEMPRE TÚA,
 que dende a Torre de Hércules ao Miño
 un facho acenderá por cada illa,
 cando ti volvas polo mare;
 de toxo unha fogueira en cada monte;
 cando ti volvas polo mare;
 dos castros na coroa unha cachela,
 cando ti volvas polo mare;
 unha loura candea en cada pino,
 cando ti volvas polo mare;

o seu cirio de frouma os alciprestes,
 cando ti volvas polo mare;
 luces de ardora branca en cada mastro,
 cando ti volvas polo mare;
 un farol mariñeiro en cada dorna,
 cando ti volvas polo mare;
 veliñas á xanela en cada casa,
 cando ti volvas polo mare;
 e as pérolas das bágoas derramadas,
 cando ti chegues polo mare;
 cando ti chegues polo mare.

Sementeira do vento. Foi editado por Galaxia no ano 1968, con ilustracións de Laxeiro e prefacio de Guillermo de Almeida. A obra é un canto á paisaxe, á xente galega, ao exilio e ao amor ausente; en palabras de Rodríguez Lapa, un "brevario de patriotismo galego".

A gravación do seu destiño deixa
 na túa palma
 o home cada día.
 Lei da pedra adquire
 silica absorta no frescor das veas,
 pra recoller do sulco xa fundado
 a sustancia matriz. Eis a sustancia
 que se trasmuda en oso vertebral,

no xeneroso manancial do sangue,
 en vibradoiros tímpano e retina,
 no sorriso, no amor, no pensamento,
 na cantiga, na door e na saudade...
 que todo ven a nós polo viero,
 pola graza e o arte da
 túa mao escrava,
 lavrador.



Cen chaves de sombra. Publicado por Edicións do Castro en 1979, con limiar de Lorenzo Varela e ilustracións de Laxeiro. Recolle, entre outros, os poemas: "Capotes de sombra amargos", "Catorce versos ao liño", "Catorce versos á lá", "A moza que ía ser miña", "A flauta do Bernardino", "Morte na Pousada Vella", "Aqueles ollos da Sinda" (datados en 1937) e "Cantarela do camiñante" (1938). O libro componse de catro partes: "Ora na hora", "As cinzas de Marte", "Romanceira de Casteligo" e "Agora eres canzón", que se complementan formando un único corpo dentro da súa variedade temática e deixan translucir as voces de Pondal, Curros e Amado Carballo.

Capotes de sombra amargos

Dous a dous en tres ringleiras
tricornos seis, seis cabalos,
un fusil a cada lombo,
capotes de sombra amargos,
cal seis funiles de tebra
sobre hipogrifos marchando.
As ferraduras nas laxes

ronsel de chispas nos cascós.
Charoles o anoitecer
verten seu frío no cadro.
Chega o piquete a Bertelo
no deslizar do traballo.
Mulleres voltan do río,
homes a termar dos gados.

Despois veñan as culatas
porta por porta petando,
homes feitos a unha banda,
vellas de face pra manto,
e os ollos dos rapaciños
no mandil das nais chorando.

Illa do amor, illa da morte

Para Álvaro Xil Varela

Empréstame, Meendinho, tua voce meioeval,
aquela que o de Cangas e Martín tamén tiñan.
A voz que na cantiga de San Simón illeiro,
como cisne migrado do seu niñal luciras.
Empréstame, Meendinho, tua voce lembradoira,
e que doblen os sinos da ermida "ante o altar",
pol-o fin sanguiniento que un día iría a ter
a Illa que nascera baixo o sino de amare.
"Cercaron" a tua amiga "ondas que grandes son",
triste espera que foi de "amor do meu amigo"
en solpores de ouro e noites de luar,
que co tempo serían antehoras do crime.
Tua amiga "barqueiro" nin "remador" tuvera,
mais a "morrer fremosa" no "mar maior"
se aviña; os fusiles un día outras ondas levaron

transvirando pra morte o sino dos amores.
Pois viñeron os días da trinca de vermellos,
das listas amañadas pol-a mao de ninguén,
das noites desveladas a corazón batente,
dos corpos derrubados no veiral dos arcéns.
As noites de arrepío rente dos cabezales
de chaves que tilintan por corredor deserto,
das sacas a sinistra luzada dos mences
dos disparos que estouran o xelo dos silencios.
Devolvo, meu Meendinho, tua lembranza ao sono
a páxina máis nidia que viviu San Simón.
A illa dos amores pra a morte requisada,
con predestiño a gloria que o malfado crebóu.
Devolvo teu amor e co-a delor eu fico,



Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo (1985). Neste volume incluíu as composicións dedicadas ao escritor ourensán.

A outra Trasalva

Agora eres canción de alma pechada
por cen chaves de sombra,
Ramón que muiño foras de aspas lúcidas
a se mexer no vento de Xelmírez,
cisne do nonagésimo caíndo
na congostra do vinte.

Eres canción de alem estrelourado
vibradoira nos tímpanos do povo,
sempre recomenzada como aquela
que Valery redcantar pudiera,
na hora de rubir a outra Trasalva,
a Trasalva transmoura de silencios.

ACTIVIDADES

- 1 - Busca no poema de "Pranto matricial" as palabras do campo semántico 'instrumentos ou materiais que serven para alumar'.
- 2 - Explica o significado das seguintes palabras: facho, frouma, mastro, loura e doma.
- 3 - Procura información sobre a importancia de Ramón Otero Pedrayo na literatura galega.
- 4 - Fai un esquema da poesía lírica galega no primeiro terzo do século XX.
- 5 - Que significaron as vangardas na literatura galega? Cales foron as tendencias máis significativas?
- 6 - Recolle datos sobre Carlos Maside e Xosé Otero Abeledo, Laxeiro, e a súa significación na arte galega.
- 7 - Copia a cantiga de Meendinho na que aparece a illa de San Simón e analiza as súas características temáticas e formais.
- 8 - Realiza un estudo das referencias da cantiga de Meendinho presentes na poesía "Illa do amor, illa da morte".
- 9 - Explica as características do neotrobadorismo e sinala algún autor galego pertencente a esta vangarda.
- 10 - Analiza o labor de Castelao no exilio, a súa vida, o seu traballo a prol de Galicia, as circunstancias en que se produciu a súa morte e o regreso á terra.

AMPLÍA OS CONTIDOS

<http://es.scribd.com/doc/18560924/2-As-vangardas-en-Galiza-I-o-Neotrobadorismo>
<http://www.galiciahoxe.com/>
<http://hemeroteca.abc.es/>
<http://revoltadafreixa.blogspot.com/2011/11/valentin-paz-andrade-epistolario.html>
<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge23.pdf>
http://ddd.uab.cat/pub/ppc/novgal/novgal_a1969n12.pdf
<http://auladeliteratura.blogaliza.org/seculo-xx/>
<http://www.elcorreogallego.es/opinion/ecg/as-cartas-valentin/idEdicion-2011-11-13/idNoticia-712686/>



Para coñecer o pensamento de Paz-Andrade nos ámbitos da política, da economía e da cultura de Galicia son importantes dúas obras publicadas nestes últimos anos e que recollen a súa correspondencia con outros persoeiros da nosa terra.

Epistolario. Foi preparado por Charo Portela Yáñez e Isaac Díaz Pardo, con motivo da conmemoración do décimo aniversario da morte do autor e publicado por Edicións do Castro en 1997. O libro sobre a correspondencia de Valentín abrangue o período que vai dende febreiro de 1930 ata maio de 1985, entre a Segunda República e os primeiros anos da democracia. A obra conta, ademais, cunha ampla cronoloxía da vida do galeguista e cunha minuciosa achega á bibliografía de e sobre Valentín Paz-Andrade. Nestas cartas, dirixidas a personalidades significativas de Galicia, Castelao, Risco, Otero Pedrayo, Núñez Búa, Portela Valladares, Urbano Lugrís, Laxeiro, Maside, Colmeiro, Seoane, Dieste, Blanco-Amor, Cabanillas, Delgado Gurriarán, entre outros, trátanse temas de literatura, pintura, actividade editorial, economía, empresa ou avogacía, e tamén asuntos privados: cousas da familia, enfermidades, accidentes, celebracións, defuncións ou visitas.

A través destas, podemos coñecer máis polo miúdo a idea de Galicia, que sempre estivo presente no seu pensamento e labor, como ben queda expresado na obra en *Galicia como tarefa*.

Cartas de vellos amigos

O libro en palabras do seu autor, Xosé Neira Vilas:

"No meu libro *Cartas de vellos amigos* (Galaxia, 2010) publico dezanove comunicacións del. En todas elas está o interese polos problemas do país, o espertar das novas xeracións, a proxección da nosa cultura en América. Fálame da miña veciñanza de nacemento coa terra do seu avó, que era de Brandomés. No seu fermoso prólogo ó meu libro *Encrucilladas*, refírese á miña comarca, que ben coñece. Ríos, castros, pazos señoriais. Tempo despois participaría (xunto con Piñeiro e Díaz Pardo) na presentación deste libro na Galería Sargadelos de Santiago. Outras cartas son de contido literario. Eu aludo ó seu ensaio sobre Guimarães Rosa, do que falei nun acto público cubano-brasileiro, na Habana, e a súa biografía de Castelao, e comento *La marginación de Galicia*, e o poemario *Cen claves de Sombra*. Un e outro abordamos tamén temas políticos, sobre todo a partir de 1975. Dáme noticia dos cambios que se van producindo en España. As súas cartas van de 1960 a 1982. Na súa prosa epistolar hai curiosidade, agarimo, amor a Galicia e fidelidade á lingua. Escribímonos con certa irregularidade pero quede como exemplo, en todo caso, o vínculo entre dous amigos, de distintas xeracións, con ideas e inquietudes afíns".



ACTIVIDADES

- 1 - Explica as características da carta persoal dende o punto de vista do formato e da expresión escrita.
- 2 - Escríbelle unha carta persoal a un amigo na que lle comentes a importancia que ten hoxe o Día das Letras Galegas.
- 3 - Busca información sobre a narrativa epistolar na historia da literatura.
- 4 - Elabora unha breve biografía dos persoeiros aos que lles dirixe Valentín Paz-Andrade a súa correspondencia.
- 5 - Despois de ler os seguintes fragmentos do *Epistolario*, resume algunhas das actividades ás que se dedicou o autor:
 "Aínda non vin Pranto matricial impreso [...]. Xa vexo que na Arxentina hai un telón de aceiro prós libros, pois con *Principios de Economía Pesquera* ocorre algo semellante. Os exemplares pudriranse na Imprenta López e nin o autor poderá dispoñer duns cantos prós amigos" (p. 114).
 "Estou agora traballando para a fundación en Galicia dunha grande empresa que supón a inversión de moitos millóns de dólares de procedencia estranxeira..." (p. 135).
- 6 - Busca información sobre a contribución dos autores do *Epistolario* á cultura galega.
- 7 - Fai unha compilación non moi extensa da biografía de Neira Vilas.
- 8 - Redacta algunha recensión das obras de Neira Vilas.
- 9 - Escribe un resumo acerca da literatura galega no exilio.
- 10 - O autor alude nalgunha das súas cartas á edición das súas obras. Procura información sobre as editoriais máis importantes de Galicia na actualidade.

AMPLÍA OS CONTIDOS

<http://revoltadafreixa.blogspot.com/2011/11/valentin-paz-andrade-epistolario.html>



Na biografía do noso homenaxeado, tan extensa en matices, podemos atopar un aspecto clave e recorrente que marcará toda a súa obra e pensamento: Valentín Paz-Andrade foi, ante todo, un xornalista que colaborou asiduamente en diarios e revistas ata o final dos seus días. Con 16 anos, comezou no instituto pontevedrés e, máis tarde, durante o seu proceso de formación na universidade, atraído xa pola política, colaborou na *Gaceta de Galicia* e foi xefe de redacción do semanario *La Provincia* de Pontevedra. Logo de ser chamado a filas, publicou moitos artigos como cronista da Guerra de Marrocos en *El Faro de Vigo* e en *El Noroeste* da Coruña. Foi á súa volta, na redacción deste xornal, onde contactaría (1922) co cónsul de Chile, quen lle financia a creación do xornal *Galicia*, o primeiro dos diarios de masas galegos e un referente para os futuros xornais deste país polo seu deseño e carácter informativo. En 1926, a Ditadura de Primo de Rivera pecha *Galicia* e os galeguistas, incluído Paz-Andrade, atopan refuxio en *El Pueblo Gallego*, que el axudara a pór en marcha.

A partir de entón, céntrase no mundo empresarial e comeza a colaborar na revista *Industrias Pesqueras* de Vigo. Nela seguirá traballando como director dende 1942 ata a súa morte.

Aínda que é perseguido pola censura, encarcerado e mesmo obrigado a non asinar co seu nome, desenvolve unha grande actividade política e empresarial que non lle impide continuar escribindo en diferentes medios e ámbitos da cultura, como nas revistas especializadas en temas literarios *Grial*, *Vieiros*, *Ensino*, *Outeiro* etc. A cantidade e a calidade dos medios que tiveron a fortuna de contar coa súa colaboración testemuñan a magnitude xornalística que alcanzou Paz-Andrade como voceiro dos principais fitos históricos que lle tocou vivir e do pensamento dunha época. Velaquí outros medios que non foron mencionados antes: *A nosa Terra*, *La Correspondencia Gallega*, *Alma Galaica*, *Vanguardia Gallega*, *El Sol*, *La Calle*, *Industrias Conserveras*, *La Noche*, *La Voz de Galicia*, *Emigrante*, *Informaciones*, *Información Comercial Española*, *ABC*, *El País*, *La Vanguardia* etc.



ACTIVIDADES

- 1 - Investiga de xeito individual cal foi o primeiro xornal publicado en Galicia, cita o seu título, o lugar e a data de publicación, o nome do seu impulsor, a temática etc. Despois, pescuda cal é o máis antigo de todos os diarios galegos que se están a publicar na actualidade.
- 2 - Repara na calidade dos escritores que colaboraban no diario *Galicia*. A cantos se lles dedicou o Día das Letras Galegas?
- 3 - O *Galicia* cambiou para sempre a estrutura dos nosos diarios. Buscade na internet o artigo de Pedro Rielo "Co *Galicia* de Paz Andrade". Lédeo en voz alta e comentade se vos parecen actuais as distintas seccións que nel se comentan.
- 4 - Segundo Ramón Piñeiro, o diario *Galicia* "é un deses fitos na configuración da conciencia galega polo pulo renovador que desenvolveu dentro do panorama do xornalismo galego". Indaga de xeito individual acerca das influencias das publicacións españolas e europeas de primeiros do século XX na concepción xornalística de Paz-Andrade.
- 5 - A censura é o azoute da prensa libre. O diario *Galicia* foi pechado en 1926 pola Ditadura de Primo de Rivera, tras anos de persecución, suspensións, multas e descapitalización da empresa. Procurade información sobre a censura en Galicia e no mundo. Tirade conclusións dos datos obtidos e debatede en grupo sobre os motivos que poden levar un Goberno a censurar.
- 6 - Na prensa diaria, tamén na actual, sempre ocupou e ocupa un posto relevante o deseño gráfico de carácter político. Formade grupos e buscade na obra de Castelao as viñetas máis representativas. Xuntade aquelas que compartan un mesmo tema e comparádeas con viñetas da prensa actual.
- 7 - A revista *Industrias Pesqueras* aínda segue a publicarse quincenalmente despois de 85 anos. Entra no seguinte enderezo (<http://www.industriaspesqueras.com/>) e cotexa algún exemplar de hai tempo (podes valerte de <http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es>) con outro moderno. Localiza semellanzas e diferenzas. Facede unha posta en común posterior.
- 8 - Glosario de termos de prensa. Traballade en grupos buscando, por orde alfabética, todas as palabras relacionadas co mundo do xornalismo (por ex.: **axenda, banda ancha, comunicado de prensa** etc.).
- 9 - Podedes acceder dende Youtube (www.youtube.com) ao vídeo *El infierno de la prensa* que repasa en poucos minutos as distintas posibilidades de facer xornalismo. Formularase o problema da ética na prensa: pensas que hoxe o máis importante é informar? Prevalecen outros intereses (facer diñeiro, defender o goberno vixente etc.)?
- 10 - Cinema e prensa. Películas eternas como *Cidadán Kane*, *Primeira Plana* ou *A muller do ano* céntranse no poder dos medios de comunicación e na ética profesional. Pescuda os títulos doutros filmes con idéntica temática.



Un home do Renacemento. Polifacético coma poucos, intelectual e activista político, Valentín Paz-Andrade cultivou por igual as **letras** e as **ciencias**, sobresaíu no ámbito empresarial e marcou unha época coa súa visión dunha Galicia moderna e próspera á que amou por riba de todo.

Comprometido coa terra e marcado por unha época convulsa que asentaría a súa tenacidade, desta figura imprescindible naceron ideas innovadoras co propósito de forxar os alicerces para unha patria próspera: unha prensa galega moderna, a unión por ferrocarril con Europa, unha economía empresarial competitiva e con base na tecnoloxía, partidos políticos galeguistas, unha banca propia, refinerías de petróleo operando en Galicia ou explotacións hidroeléctricas.

A súa concepción da cultura como valor económico e de Galicia, como potencia cultural, levouno a apoiar a creación da Editorial Galaxia e a fundación de xornais. Fomentou tamén as artes plásticas. Será el quen coordine a Exposición de Pintores Galegos en Buenos Aires (1950).

Os xornais que Paz-Andrade dirixiu e os libros que escribiu contarán sempre coa ilustración de afamados creadores gráficos.

Valentín Paz-Andrade sentía, ademais, unha profunda preocupación polo destino da lingua. Convencido do carácter internacional do galego e das posibilidades que a lusofonía podía achegar á difusión da nosa cultura, defendeu a comunidade lingüística con Portugal e, sobre todo, co Brasil, unha das grandes potencias do futuro: **"A conservación e o cultivo do idioma propio é un imperativo ligado á vida e á economía dos habitantes de Galicia tanto como á súa cultura e á súa historia"**.



ACTIVIDADES

- 1 - Busca no dicionario a palabra **polímata** que resume a traxectoria do noso personaxe.
- 2 - Investiga acerca da existencia de persoas polímatas ao longo da historia. E, en Galicia, coñeces algunha?
- 3 - Cres que no século XXI é posible ser unha persoa tan polifacética? Debatede sobre este asunto.
- 4 - Paz-Andrade foi membro da Real Academia da Lingua e tamén da Real Academia de Ciencias. Que pensas que opinaría Paz-Andrade sobre a rivalidade actual entre ciencias e letras?
- 5 - Busca información sobre a Exposición de Pintura Galega en Buenos Aires. Cita, polo menos, cinco grandes pintores que expuxeron alí as súas obras. Visualiza na internet algún cadro de cada un dos artistas participantes.
- 6 - Fálase de que o homenaxeado era un personaxe cosmopolita que visitou unha infinidade de países. Procura datos sobre os países aos que se desprazou e sobre os motivos que o levaron a emprender tales viaxes.
- 7 - Estás de acordo coa idea de Paz-Andrade de que a cultura posúe valor económico? Cita exemplos do mundo actual (Pensa que a cultura en Europa xera un PIB máis alto que o sector inmobiliario e que en Galicia lles dá emprego a máis de 20.000 persoas).
- 8 - Paz-Andrade aseguraba que Galicia foi unha potencia cultural ao longo da súa historia. E para demostralo, enumera unha extensa nómina de creadores galegos de todos os tempos. (<http://gl.wikipedia.org>). Intentade reproducila por grupos.
- 9 - Busca en Youtube (www.youtube.com) os poemas musicados e as voces verdadeiras dalgúns dos artistas que frecuentou Paz-Andrade. (Para visualizares un exemplo, simplemente escribe "Castelao" e "voz" ou "Celso Emilio" no buscador desa mesma páxina).
- 10 - As ditaduras de Primo de Rivera e de Franco acabaron coas intencións do noso autor e dos demais intelectuais de rescatar Galicia da marxinação e da pobreza. Fixate naquelas grandes personalidades que viviron e traballaron por Galicia nesas épocas tan terribles. Fai unha listaxe con persoeiros por especialidades: escritura, pintura, política, deseño gráfico etc.



Foi unha relación verdadeiramente especial a que o noso autor mantivo coa figura máis carismática do galeguismo. De feito, Castelao adoitaba referirse a Paz mediante epítetos: chamáballe *O Mozo* nos faladoiros de Pontevedra; pasou a ser *O Berbiquí*, ao ir demostrando carácter perseverante; e, tras superar a participación na guerra de Marrocos e mais o atentado de Vigo, seica o rianxeiro terminou denominándoo *O Inmortal*.

Aínda coa diferenza de idade (doce anos), o certo é que tiñan bastantes posibilidades de acabar coñecéndose e, en efecto, foi Juan Bautista Andrade quen os presentou no 1916. Con Daniel (5), Valentín empezou a ter unha importante participación no movemento galeguista e, por iniciativa daquela, actuou como orador nun mitin de estudantes universitarios en Santiago, no ano 1919, coincidindo coa II Asemblea Nacionalista.

Afirma Méndez Ferrín que, xa adulto, foi Paz quen impeliu a Castelao para converterse en guieiro (6) do galeguismo. En todo caso, aparecen ligados en ocasións políticas singulares: no 1931, concorren xuntos ás eleccións constituíntes da República; no 1934, ao ser o de Rianxo desterrado a Badajoz, demanda que o pontevedrés asuma a Secretaría Política do Partido Galeguista.

Un colofón lóxico para a historia atopámolo no 1950, cando Paz-Andrade incumpre as disposicións da Dirección Xeral da Prensa do Goberno de Franco e publica un eloxio fúnebre, titulado "Castelao. El hombre y el artista", no vespertino *La Noche*, ao diario abríuselle expediente e foi pechado ao cabo de dúas semanas.

No 1954, o noso autor volveu evocar a morte de Castelao no libro poético *Pranto matricial*.

ACTIVIDADES

1 - No 1982, publícase o traballo biográfico *Castelao na luz e na sombra*.

Busca información sobre a obra: que valor terá, no seu título, a expresión "na luz e na sombra"?

- Referirase a aspectos positivos e negativos? - A aspectos coñecidos e descoñecidos? - Terá calquera outro valor?

2 - Paz-Andrade era doce anos máis novo ca Castelao. Tendo en conta cando se coñeceron e a relación que mantiveron na seguinte década e media, aquel podería considerarse como discípulo deste en diversos sentidos. Á luz dos casos que coñeces, é habitual ese grao de confianza e de amizade entre xente con esa diferenza de idade e condición? En todo caso, resulta lóxico? Desenvólveo razoadamente.

3 - Despois da Guerra Civil, os seus camiños separáronse. O ano da morte de Castelao, Paz-Andrade viaxou a Buenos Aires convidado polo Centro Galego.

Investiga sobre as institucións fundadas polos galegos en América (centros, irmandades etc.). Valora a súa importancia dende tres puntos de vista: como fomentadores e difusores da súa cultura de orixe, como punto de apoio para os emigrantes galegos, como focos de acción social e asistencial dentro da sociedade que os acolleu (na Arxentina, Cuba, Venezuela, O Uruguai, O Brasil etc.).

Expón o resultado do teu traballo en forma dunha pequena mostra icónico-textual: por exemplo, dez imaxes (foto, debuxo, montaxe etc.) con cadanseu pé. Este non debería constar de máis de dúas liñas.

4 - Que importancia lle daba Paz a Castelao dentro do movemento galeguista? Extrae información do cartel, le o artigo de Méndez Ferrín e desenvolve o teu punto de vista. Coincidiu coa importancia que despois acadou o de Rianxo?

<http://mas.laopinioncoruna.es/suplementos/2011/06/18/castelao-con-paz-andrade/>

<http://www.museocastelao.org/morte/censura.html>

NOTAS

- (1) PAZ-ANDRADE, V.: *Galicia como tarea*. Editorial Citania. Buenos Aires, 1959. É do prefacio dese libro. Pero é unha cita, en realidade dun artigo de Ramón Villares no periódico Xornal. Páxina web:
<http://cartaxeometrica.blogspot.com.es/2011/06/valentin-paz-andrade-como-tarea.html>
- (2) VILLARES PAZ, RAMÓN: *Historia de Galicia*. Editorial Obradoiro Santillana. Madrid, 1998. Páxina 132.
- (3) PORTELA YÁÑEZ, CHARO E DÍAZ PARDO, ISAAC: *Epistolario/Valentín Paz-Andrade*. Edicións do Castro. A Coruña, 1997.
- (4) PORTELA YÁÑEZ, CHARO E DÍAZ PARDO, ISAAC: *Epistolario/Valentín Paz-Andrade*. Edicións do Castro. A Coruña, 1997.
- (5) Así era chamado Castelao familiarmente e entre os galeguistas. Como causa, adúcese determinado episodio biográfico; en todo caso, era o seu segundo nome.
- (6)) É común esta denominación dada a Castelao para recoñecer o seu papel crucial, dentro do nacionalismo galego, na primeira metade do século XX.





galicia

